

DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 15 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023 REFERENTE Á LIÑA ESTRATÉXICA 11: NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2021037752). Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Normalización Lingüística, que textualmente di:

“**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local na súa reunión de data 16 de febreiro de 2021 aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol 2021-2023 (en adiante PES 2021-2023).

Segundo.- Dentro das liñas estratéxicas do plan contéplase a Liña 11 : Normalización Lingüística.

Terceiro.- Unha das prioridades do Concello de Ferrol é a realización de actividades dinamización lingüística dirixidas especialmente ó sector da mocidade e do ensino co obxecto de potenciar un maior uso do galego. Como actividade a desenvolver, dende a área de Normalización Lingüística contéplase a realización dun certame literario con carácter anual baixo a denominación de Certame Literario Carmela Loureiro, coma homenaxe a unha muller, profesora na comarca de Ferrolterra e que foi presidenta da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra (CENL).

Cuarto.- O desenvolvemento do certame literario supón a realización dun concurso, baixo tres modalidades: microrrelatos, micropoesía e microteatro, dirixido ó alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e daqueles centros da comarca que forman parte da CENL, que implica a entrega ós gañadores de premios e accésit consistentes en tablets e eBooks ou libros electrónicos.

Quinto.- Por todo o anterior, cómpre a inclusión dunha nova liña de subvención na Liña estratéxica 11: Normalización Lingüística coa denominación Certame Literario Carmela Loureiro:

LIÑA ESTRATÉXICA 11: NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LS 11.2 Certame Literario Carmela Loureiro

Áreas de competencia afectadas:	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.
Sectores aos que se dirixen as axudas:	Alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e daqueles centros da comarca que forman parte da CENL.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación:	1.- Darlle cumprimento aos obxectivos e medidas recollidas no Plan municipal de normalización lingüística aprobado polo Pleno do Concello. 2.- Fomento do emprego da lingua galega entre a mocidade. 3.- O aumento da participación da mocidade nas actividades culturais e literarias.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación:	Desenvolvemento do emprego cotiá da lingua galega entre a mocidade a tódolos niveis en xeral.
Prazo necesario para a súa consecución:	Concurso de carácter anual.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento:	Previsión 2022-2023. Partida presupostaria: 01103-9205-480.00 5.000 €

Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para a poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan:	Premios de carácter anual. Bases reguladoras do concurso aprobadas polo Pleno do Concello. A convocatoria anual do concurso aprobarase pola Alcaldía ou, por delegación, polo/a concelleiro/a delegado/a de Normalización Lingüística. Presentados os traballos polos alumnos participantes, un xurado designado conforme o disposto nas Bases reguladoras ditaminará sobre concurso, que formulará a proposta de resolución de concesión dos premios ó/a concelleiro/a delegado/a de Normalización Lingüística.
Réxime de seguimento e avaliación continua:	- Cifra de poboación do alumnado participante. - % de idades dos alumnos premiados e participantes sobre o ano anterior. - Porcentaxe de participación dos centros de ensino.
Resultados da avaliación:	No prazo de tres meses dende o remate do concurso. Darase conta ao Pleno.

Sexto.- No apartado 4 do PES 2021-2023 establécese que: *“As modificacións puntuais que abranguen unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse pola Xunta de Goberno Local a proposta do/da responsable da área”.*

Por todo o anterior, como concelleira delegada da área de Muller, Igualdade e Mocidade, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, propoñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o Plan estratéxico de subvencións 2021-2023 do Concello de Ferrol no sentido de engadir na Liña estratéxica 11: Normalización Lingüística a seguinte liña de subvención:

LIÑA ESTRATÉXICA 11: NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LS 11.2 Certame Literario Carmela Loureiro

Áreas de competencia afectadas:	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.
Sectores aos que se dirixen as axudas:	Alumnado dos centros de ensino non universitario do Concello de Ferrol e daqueles centros da comarca que forman parte da CENL.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación:	1.- Darlle cumprimento aos obxectivos e medidas recollidas no Plan municipal de normalización lingüística aprobado polo Pleno do Concello. 2.- Fomento do emprego da lingua galega entre a mocidade. 3.- O aumento da participación da mocidade nas actividades culturais e literarias.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación:	Desenvolvemento do emprego cotiá da lingua galega entre a mocidade a tódolos niveis en xeral.
Prazo necesario para a súa consecución:	Concurso de carácter anual.
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento:	Previsión 2022-2023. Partida presupostaria: 01103-9205-480.00 5.000 €
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para a poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan:	Premios de carácter anual. Bases reguladoras do concurso aprobadas polo Pleno do Concello. A convocatoria anual do concurso aprobarase pola Alcaldía ou, por delegación, polo/a concelleiro/a delegado/a de Normalización Lingüística. Presentados os traballos polos alumnos participantes, un xurado designado conforme o disposto nas Bases reguladoras ditaminará sobre concurso, que formulará a proposta de resolución de concesión dos premios ó/a concelleiro/a delegado/a de Normalización Lingüística.

Réxime de seguimento e avaliación continua: - Cifra de poboación do alumnado participante.
- % de idades dos alumnos premiados e participantes sobre o ano anterior.
- Porcentaxe de participación dos centros de ensino.

Resultados da avaliación: No prazo de tres meses dende o remate do concurso.
Darase conta ao Pleno.

Segundo .- Dar publicidade desta modificación do PES 2021-2023 do Concello de Ferrol no portal de transparencia da web municipal e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de acordo co disposto nos artigos 13 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita”.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 15 de novembro de 2021

Vº e Pr

ALCALDE

Ángel Manuel Mato Escalona

O secretario xeral

Leopoldo Moure Gacía